

INFORME PROPOSTA DA SECCIÓN DE FOMENTO Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL

ASUNTO: APROBACIÓN DO III PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIÓNSCONCELLO DE LUGO 2012-2015.

Examinado o expediente de referencia e vistos:

I.- II Plan Estratéxico de subvencións do Concello de Lugo para os anos 2008-2011, aprobado por Acordo da Xunta de Goberno Local nº 28/230 de 5 de marzo de 2008.

II.- Informe-Memoria de avaliación e control do II Plan E estratéxico de subvencións do Concello de Lugo para os anos 2008-2011, elevado para o seu coñecemento á Xunta de Goberno Local do 04-04-2012.

III.- Ordenanza Xeral municipal reguladora da concesión de subvencións do Excmo. Concello de Lugo.

IV.- Informe de Intervención do 2 de abril de 2012, do seguinte teor literal:

“ INFORME DE INTERVENCION Ref.: 92/2012

ASUNTO: PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIÓNS 2012-2015

Consignacións presupostarias : Ano 2012

I .Lexislación aplicable

- Arts. 21.1 e 25 da Lei 7/1.985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local
- Art. 294 da Lei 5/1997, do 22 de xullo de administración local de Galicia
- Arts. 40, 214 e ss do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais
- Art. 4 R.D. 1174/1.987, do 18 de setembro, Réxime Xurídico dos Funcionarios da Administración Local con Habilitación de carácter Nacional
- Art. 92.2 b) da Lei 7/1.985, Reguladora das Bases de Réxime Local
- Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións : Art 8
- Reglamente da Lei 38/2003, de 17 de novembro, General de subvencións
- Ordenanza Xeral de Subvencións
- Bases de execución do Presuposto (Base 24)

II .Documentación obrante en el expediente

- Proposta de Plan estratéxico de Subvencións proposta pola Sección de Fomento
- Expediente Orzamento 2012 : consignacións nos estados de gastos e Base núm 24 das de execución do Orzamento vixentes , con especial relevancia á relación de subvencións nominativas
- Mandamentos Contables RC, a modo de certificación das respectivas consignacións orzamentarias nas partidas de referencia, quedando o crédito retido en contabilidade
- Memoria da execución do anterior Plan estratéxico

III.Informe

O art 8.1 da Ley 38/2003 de 17 de noviembre , General de Subvenciones esixe que “con carácter previo al establecimiento de subvenciones, los órganos de las administraciones

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/NPG

Refª: Proposta XGL-aprobación Plan estratéxico 2012-2015--2012.doc

Asunto: Actualización Plan estratéxico subvencións 2010

públicas (...) deberán concretar en un plan estratégico de subvenciones los objetivos y efectos que se pretenden con su aplicación, el plazo necesario para su consecución, los costes previsibles y sus fuentes de financiación”, en todo caso con sujeción a los principios de estabilidad presupuestaria.

Do análise e exame da documentación obrante no expediente remitido a esta Intervención Municipal, pódese considerar o cumprimento con carácter xeral das previsións legais respecto do contido do documento, sinalándose como líneas estratéxicas de actuación nas que se pretende incidir as de mellora de infraestructuras, mellora na calidade de vida dos cidadáns e fomento da actividade veciñal, impulso da actividade económica, todo elo en beneficio da proxección turística da cidade

Respecto ás consignacións presupuestarias incluídas no Orzamento Xeral Municipal para o ano 2012, esixidas para a efectividade da execución do Plan no art. 2, esta Intervención certifica a existencia de crédito nas seguintes aplicacións presupostarias e importes globais relativas tanto ás subvencións nominativas relacionadas na Base núm. 24 das de execución do Orzamento vixentes, como as consignacións relativas ás convocatorias públicas das distintas áreas de xestión municipal, quedando retido o crédito en contabilidade por importe de 3.452.855,11 euros.

APLIC. PRESUP.**AREA****IMPORTE**
Recollido no plan (€)

34100.48900	Deportes	1.124.000 €
	Cultura	199.500 €
33000.48900	Festas parroquiais	42.000 €
	Lume Novo	8.500 €
	Asociacións Culturais	24.500 €
	Convenios	112.500 €
33000.78900	Rehab.Catedral	12.000€
	Educación	22.800€
32300.48100	Material escolar	21.000 €
32300.48900	Convenios	1.800 €
33100.48900	Xuventude	7.525 €
23400.48900	Muller	27.100 €
	Convocatoria	3.000 €
	Convenios	24.100 €
	Servicios Sociais	510.700 €
23290.48900	Convocatoria asociacións	28.000 €
	Convocatoria Bono Taxi	9.000 €
	Convocatoria Pxtos. Cooperación	19.500 €
	Convenios	383.700 €
23290.78000	Convocatoria Pxtos. Cooperación	70.500 €

92400.48900	Participación Cidadá	165.625 €
	Convocatoria	101.625 €
	Convenios	13.000 €
31300.48900	Convenios	51.000 €
42200.48900	Industria	16.000 €
	Emprego	380.000 €
24400.77000	Convocatoria Plan Urban	80.000 €
24400.77001	Convocatoria Plan Urban	300.000 €
	Urbanismo-Rehabilitación	850.605,11 €
15200.78000	Convocatoria Casco Hco.	798.305,11 €
15200.48900	Convocatoria ITE	52.300,00 €
15100.44901	Convocatoria alugueiro vivendas	149.000 €

Respecto á financiación das consignacións presupuestarias nas aplicacións orzamentarias de referencia, faise constar que si ben as subvencións de natureza corrente financiaráanse, como non podía ser de outra maneira, con Fondos propios ordinarios, respecto das subvencións que o seu obxecto sexa a cobertura financeira da execución de gastos de capital, financiarase con fondos propios ordinarios, ou ben con financiación afectada de ingresos de natureza financeira, según a adscripción definitiva dos recursos que financian o Anexo de Inversións, ou realizarse unha adscripción global e xenérica dos mesmos á totalidade dos gastos de capital, quedando condicionada a efectividade da execución do gasto a efectividade formal dos recursos.

As subvencións a que se fai referencia nos distintos capítulos do Plan estratéxico relativas a "outras resolucións e convenios", condicionan a súa executividade á efectiva disponibilidad presupuestaria existente en cada momento.

Por outra parte, respecto das consignacións sinaladas para axuda a vivenda relativas á Area de urbanismo, debe sinalarse que o importe mencionado corresponde á totalidade das subvencións para as finalidades propostas, correspondentes á totalidade das anualidades e fases indicadas nos Convenios respectivos co Ministerio de Fomento e a Comunidade Autónoma.

O órgano competente para a súa aprobación é a Xunta de Goberno Local, segundo o artigo 127. 1 g) da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local."

Lexislación aplicable

- Lei 7/1.985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local
- Lei 5/1997, do 22 de xullo de administración local de Galicia
- Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/NPG

Refª: Proposta XGL-aprobación Plan estratéxico 2012-2015--2012.doc

Asunto: Actualización Plan estratéxico subvencións 2010

- Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, General de subvencións
- Ordenanza Xeral de Subvencións (BOP 18/05/2005)
- Bases de execución do Presuposto (Base 24)
- Calquera outras disposicións legais vixentes que lles sexan de aplicación ás corporacións locais.

Consideracións xurídicas

Primeira.- A Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, ditada ao abeiro do artigo 149.1 18º da Constitución española, contendo, polo tanto, lexislación básica aplicable a todas as administracións públicas, entre elas ás entidades que integran a Administración local, dota ás subvencións, como técnica de intervención administrativa, dun réxime xurídico propio, específico e homoxéneo para as diferentes administracións públicas, supoñendo, polo tanto, un paso máis no proceso de perfeccionamento e racionalización do sistema económico co principio de transparencia que sinala a Lei e xunto coa variedade de instrumentos que se articulan nela e redundando de forma directa nun incremento de niveis de eficacia e eficiencia na xestión do gasto público subvencional.

Unha das novidades que incorporaba a citada Lei, era a previsión contida no seu artigo 8.1, dispoñendo que, con carácter previo ao establecemento de subvencións, os órganos das administracións públicas ou calquera entidade que pretenda outorgar subvencións, deberá concretar nun plan estratéxico de subvencións, os obxectivos e efectos que se pretenden coa súa aplicación, o prazo necesario para a súa consecución, os custes previsibles e as súas fontes de financiamento; supeditándose en todo caso ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria. Isto mesmo recolle a Ordenanza Xeral Municipal Reguladora de concesión de Subvencións do Excmo. Concello de Lugo, aprobada por acordo do Excmo. Concello Pleno 5/20, do 07.03.2005 (publicada no BOP de Lugo nº 111, do 18 de maio de 2005).

Segunda.- O órgano competente para a aprobación do plan estratéxico de subvencións é a Xunta de Goberno Local, segundo a previsión contida no artigo 127.1.g), que sinala que corresponde a este órgano municipal “o desenvolvemento da xestión económica, autorizar e dispoñer gastos en materia da súa competencia, dispoñer gastos previamente autorizados polo Pleno e a xestión do persoal”.

Por todo o anteriormente exposto, en orde ás atribucións conferidas á Xunta de Goberno Local no artigo 127 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, modificada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, e a normativa específica de aprobación, propónselle a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

PRIMEIRO.- Aprobar o Plan Estratéxico de Subvencións do Concello de Lugo para os anos 2012-2015, o cal é do seguinte teor literal:

“III Plan estratéxico de subvencións
Concello de Lugo
2012-2015

PREÁMBULO

O III Plan estratéxico de subvencións do Concello de Lugo para os exercicios 2012-2015 recolle as conclusións obtidas co desenvolvemento do I e II Plan estratéxico de subvencións que tiveron a súa vixencia durante os anos 2005, 2006 e 2007 e 2008, 2009, 2010 e 2011 respectivamente.

Dentro das formas de actuación das Administracións Públicas, a de fomento das actividades dos cidadáns, que sexan de interese público ou complementen ou suplan servizos de competencia municipal, é de fundamental importancia, en tanto incentiva e apoia a participación, a corresponsabilidade e a implicación dos cidadáns e dos grupos na consecución de fins de interese xeral.

Para facer efectivo este principio de fomento de determinados comportamentos considerados de interese xeral e de colaboración coa iniciativa cidadá, o noso ordenamento xurídico arbitra diferentes mecanismos, entre os que resulta de fundamental importancia a concesión de subvencións.

A Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, ditada ao abeiro do artigo 149.1. 18º da Constitución española, contendo, polo tanto, lexislación básica aplicable a todas as administracións públicas, e entre elas ás entidades que integran a Administración local, dota a esta técnica de intervención administrativa dun réxime xurídico propio, específico e homoxéneo para as diferentes administracións públicas. Supoñendo, polo tanto, un paso máis no proceso de perfeccionamento e racionalización do sistema económico, co principio de transparencia que sinala a Lei e xunto coa variedade de instrumentos que se articulan nela, redundan de forma directa nun incremento dos niveis de eficacia e eficiencia na xestión do gasto público subvencional.

Unha das novidades que incorporaba a citada lei, era a previsión contida no seu artigo 8.1, dispoñendo que, con carácter previo ao establecemento de subvencións, os órganos das administracións públicas ou calquera entidade que pretenda outorgar subvencións, deberá concretar nun plan estratéxico de subvencións, os obxectivos e efectos que se pretenden coa súa aplicación, o prazo necesario para a súa consecución, os custes previsibles e as súas fontes de financiamento; supeditándose en todo caso ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria. Isto mesmo recolle a Ordenanza Xeral Municipal

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/NPG

Refª: Proposta XGL-aprobación Plan estratéxico 2012-2015--2012.doc

Asunto: Actualización Plan estratéxico subvencións 2010

Reguladora da Concesión de Subvencións do Excmo. Concello de Lugo, acordo do Excmo. Concello Pleno 5/20, do 07.03.2005 (publicada no BOP de Lugo nº 111, do 18 de maio de 2005).

Por outra banda, parece importante recoller detalladamente os obxectivos que nos marcamos para o desenvolvemento das liñas estratéxicas definidas no Plan estratéxico da cidade, en especial imos sinalar aqueles que dun xeito máis significativo se van ver reflectidos no esforzo municipal no eido do Plan estratéxico de subvencións para o período 2012-2015.

Neste senso sinalamos as catro liñas estratéxicas que desenvolven o Plan estratéxico do Concello de Lugo.

A liña estratéxica 1 está centrada nas infraestruturas e marca os seus obxectivos na mellora da posición funcional da cidade, ampliando a súa conectividade por estrada, por ferrocarril, as conexións coa cidade, mobilidade e accesibilidade e infraestruturas de telecomunicacións e subministracións.

A liña estratéxica 2 céntrase nos servizos ás persoas e nos espazos públicos, como obxectivos podemos sinalar: mellora do atractivo urbano e mellora da habitabilidade e uso do espazo público, calidade nos servizos públicos sociais e persoais e mellora da calidade de vida en especial dos colectivos con maiores necesidades, calidade medioambiental a través de políticas de sostibilidade e xestión eficiente de recursos, potenciación da actividade deportiva e da súa proxección e potenciación de actividades de ocio e cultura que implique dinamización da cidadanía e da capacidade de atracción do visitante.

A liña estratéxica 3 está centrada na actividade económica entre os obxectivos a través dos que se desenvolve sinalamos: desenvolvemento dun marco infraestrutural para o desenvolvemento da actividade económica e a creación de emprego de calidade, desenvolvemento da actividade económica a través do fomento do investimento empresarial e productivo que consolide sectores con potencial de recursos na provincia, cualificar e consolidar Lugo como cidade de servizos avanzados, impulso da actividade turística con potenciación da oferta de recursos de ocio-culturais e naturais e fomento da oferta formativa cualificada e especializada integrada no proxecto estratéxico de desenvolvemento económico.

A liña estratéxica 4 do Plan estratéxico de Lugo recolle a necesidade de mellorar a capacidade de proxección exterior da cidade a través dunha sólida e renovada imaxe, será obxecto de especial atención conseguir que a cidade de Lugo sexa referente cultural e deportivo, contando moi especialmente co deporte de elite, e buscando con isto unha gran repercusión na mellora da imaxe da cidade e na súa proxección exterior. Nesta liña tamén se recollen outros obxectivos, por unha banda referentes á imaxe da cidade como é a través da presenza de Lugo en redes de

ciudades e en organizacións ou eventos, e por outra banda referentes á participación e dinamización da cidade así como a consolidar a estrutura asociativa da cidade.

No estudo diagnóstico, que foi o primeiro paso que se deu para a elaboración do Plan estratéxico do Concello de Lugo, tiñase detectado un déficit na imaxe da cidade, no seu recoñecemento e proxección exterior, sinalando, que ademais de non ser suficientemente valorada no exterior, a autoestima da cidadanía era baixa para sentirse identificada co proxecto de cidade. Este aspecto xa importante de por si tamén inflúe nas potenciais posibilidades de desenvolvemento da cidade, por isto é clave abordar este punto e marcar esta liña de acción como parte estrutural do conxunto da estratexia da cidade, que fará que o seu desenvolvemento socioeconómico estea ligado ao protagonismo activo da súa sociedade civil como expresión dunha nova forma de facer e de entender a cidade, así como dunha apertura ao exterior.

CAPÍTULO I. DISPOSICIÓNS XERAIS

ARTIGO 1.

O establecemento de subvencións por este Concello durante o período 2012-2015 axustarase ó previsto neste plan plurianual (anos 2012, 2013, 2014 e 2015), sen prexuízo das variacións que poidan contemplarse nos orzamentos correspondentes.

ARTIGO 2.

O establecemento efectivo das subvencións previstas neste plan requirirá a inclusión das consignacións correspondentes nos orzamentos de cada ano e a aprobación dos acordos, que no seu caso, corresponda.

Actualizaranse cun anexo a este Plan as modificacións nas dotacións económicas que correspondan a cada ano.

ARTIGO 3.

O establecemento de subvencións queda supeditado ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, polo que as consignacións orzamentarias que se aproben e as bases reguladoras da súa concesión acomodaranse en cada momento a ditos obxectivos.

ARTIGO 4.

A aprobación do plan estratéxico de subvencións non supón a xeración de dereito algún a favor dos potenciais beneficiarios, que non poderán esixir indemnización ou compensación algunha no caso de que o plan non se leve á práctica nos seus propios termos.

CAPÍTULO II. BENEFICIARIOS E MATERIAS NAS QUE SE ESTABLECERÁN SUBVENCIONES

ARTIGO 5.

O regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais do 28 de novembro de 1986, dispón no seu artigo 232 que os Concellos, na medida en que o permitan os seus recursos orzamentarios, poden subvencionar economicamente ás asociacións para a defensa dos intereses xerais e sectoriais dos veciños, tanto polo que se refire aos seus gastos xerais como ás actividades que se realicen.

Concederanse subvencións, polo tanto, nominativamente no orzamento xeral, mediante convocatoria pública ou a través da súa concesión directa, a favor de persoas, asociacións ou entidades privadas ou públicas coa finalidade de fomentar a realización de actividades de utilidade pública ou interese social ou para promover a consecución de fins públicos atribuídos á competencia local.

Para o exercicio 2012 inclúense nos orzamentos para gastos de subvencións un total de **3.452.855,11 €**.

ARTIGO 6.

O Concello establecerá anualmente subvencións nas seguintes materias:

- Deportes.
- Cultura e Turismo
- Educación.
- Xuventude.
- Muller.
- Servizos sociais.
- Participación cidadá.
- Promoción de emprego e industria.
- Zona rural.
- Urbanismo – Rehabilitación.
- Alugueiro de vivendas e accesibilidade.

CAPÍTULO III. SUBVENCIONES EN MATERIA DE DEPORTES

ARTIGO 7.

1. En materia de deportes, estableceranse, durante o período de vixencia do Plan, liñas de subvención para favorecer a realización de actividades deportivas no municipio e apoiar a todo tipo de entidades públicas ou privadas que programen ou realicen competicións ou eventos deportivos.

2. Obxectivos:

Fomentar a práctica do deporte no municipio, con atención prioritaria ao deporte base e á actividade física como saúde, así como a colaboración co deporte de elite;

facendo posible que se realicen un maior número de competicións, de actividades e de eventos deportivos no municipio, que complementen a intervención dos servizos deportivos municipais, dentro do seu marco de competencias e dirixidos á comunidade en xeral, ou a colectivos que sexan de especial interese.

3. Efectos que se pretenden:

- Promoción da realización de actividades deportivas a través do apoio a asociacións, entidades ou clubs tanto na realización de actividades deportivas como no mantemento de equipamentos; actividades de fomento do deporte de base que incrementen o número de persoas que practican deporte, así como un maior número de competicións, actividades e eventos deportivos no municipio.
- Colaboración co deporte de elite no municipio de Lugo a través da realización de convenios; do que deriva por unha banda un efecto incentivador e promocionador para a práctica do deporte, e por outra banda supón o fomento do deporte de elite en si.

4. Prazo para a súa consecución:

Cada ano (2012, 2013, 2014 e 2015) de vixencia deste Plan intentarase conseguir un incremento do número de eventos deportivos e do número de participantes nos mesmos.

5. Custes previsibles: (Para o ano 2012)

O custe estímase por un importe total de 1.124.000,00€:

- Outorgaranse como subvencións previstas nominativamente no orzamento xeral do Concello por un importe total de 967.000,00 euros a través de convenios, ou no seu caso resolucións, con diferentes clubs ou entidades do deporte lucense.
- Serán outorgados polo importe total de 132.000,00 euros subvencións e concesión de axudas económicas en réxime de concorrencia competitiva a asociacións ou entidades sen ánimo de lucro para o desenvolvemento de actividades deportivas de interese xeral e sectorial e para o mantemento dos seus equipamentos de acordo coas bases que previamente se determinen para proceder á convocatoria e adxudicación destas subvencións.
- Serán outorgados polo importe total de 25.000,00 euros subvencións e concesión de axudas económicas en réxime de concorrencia competitiva a deportistas de alto nivel de acordo coas bases que previamente se determinen para proceder á convocatoria e adxudicación destas subvencións.

	Dotación anual	1.124.000,00 €
3.410.048.909	Convocatoria subvencións	132.000,00 €
	Convocatoria subv. deportistas alto nivel	25.000,00 €
	Convenios, ou no seu caso resolucións:	967.000,00 €

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/NPG

Refª: Proposta XGL-aprobación Plan estratéxico 2012-2015--2012.doc

Asunto: Actualización Plan estratéxico subvencións 2010

- Club fluvial	21.000,00 €
- C.B. Breogán, S.A.D.	210.000,00 €
- C.B. Ensino	54.000,00 €
- Club Tríatlon Cidade de Lugo Fluvial	40.000,00 €
- C.D. Lugo	170.000,00 €
- Asociación cultural e deportiva FEFEME triatlon do Miño	28.000,00 €
- Club Boxing Cidade de Lugo	10.000,00 €
- Prone Lugo, A.D.	210.000,00 €
- Escudaría Miño	25.000,00 €
- Club ciclista cidade de Lugo	30.000,00 €
- Real Aéreo Club de Lugo	10.000,00 €
- Federación Galega de Judo	4.500,00 €
- Club voleibol EMEVE	24.000,00 €
- Federación Galega de Balonmán	8.000,00 €
- Federación Galega de Fútbol Sala	2.000,00 €
- Asociación Xuvenil Sagrado Corazón	1.300,00 €
- Club Ciclista Milagrosa	3.000,00 €
- Fundación Azkar	8.000,00 €
- C.B. Estudiantes	14.000,00 €
- Club Shiham de kárate	1.500,00 €
- A Venatoria de Lugo	1.700,00 €
- S.D.C. Polvorín	9.000,00 €
- S.C.D. Residencia	2.500,00 €
- S.C.D. Milagrosa	2.000,00 €
- A.D.C Sagrado Corazón	3.000,00 €
- Asociación Lucense Automóviles Antiguos e Clásicos	3.000,00 €
- Clube Ciclista Correcamiños	3.000,00 €
- Club Bowling Milesos	2.000,00 €
- Club de Golf	3.000,00 €
- Club Media Maratón	4.000,00 €
- Club Lugo Fórmula	10.000,00 €
- Asoc. veteranos C.D. Lugo	1.000,00 €
- Club Padel Hotel Santiago	3.000,00 €
- Club Billar Tempos Modernos	1.600,00 €
- Club Padel Nuestro	1.000,00 €
- Club Tenis de Mesa Dez Portas	2.000,00 €
- Club Arco Muralla	2.000,00 €
- Círculo de las Artes	1.000,00 €
- Muralla Rugby Club	1.000,00 €
- Club Patíns Lóstregos Lucus	2.200,00 €

- Club Kickboxing Argos Astur	2.000,00 €
- Squash Muralla de Lugo	600,00 €
- Club Lugo Esgrima	600,00 €
- Club Star Dance	3.000,00 €
- Escola Luguesa de Xadrez	3.000,00 €
- Federación galega de loita e D.A.	1.500,00 €
- Federación Galega de Triatlón	3.000,00 €
- Federación Galega de Piragüismo	1.500,00 €
- Federación Galega de Atletismo	2.000,00 €
- Club Baloncesto Cidade de Lugo	2.000,00 €
- S.G. Comercial Estudiantes	1.500,00 €
- Club Academia Lucense de Balonmano	600,00 €
- Club Hockey Meigas	3.000,00 €
- Escola Lucense de Tiro con Arco	2.300,00 €
- Club Montaña Mustallar	2.000,00 €
- Club Tennis As Termas	2.000,00 €
- Club Lume Beisbol	2.600,00 €
- Alcer Lugo	1.500,00 €
- Outros convenios ou no seu caso resolucíons, de haber consignación orzamentaria	

6. Fontes de financiamento:

O financiamento levarase a cabo con fondos propios con cargo á partida orzamentaria sinalada.

CAPÍTULO IV. SUBVENCIÓNS EN MATERIA DE CULTURA

Artigo 8.

1. No eido da cultura unha finalidade básica é promover a vida cultural no municipio, entendéndose que a iniciativa privada sen ánimo de lucro poderá colaborar na prestación dos servizos culturais, impulsando a actuación conxunta, complementaria e coordinada do concello e a iniciativa social en materia cultural.

2. Obxectivos:

O obxectivo estratéxico xeral é o de apoiar iniciativas, actuacións e programas de promoción cultural, que complementen ou suplan a intervención dos servizos culturais municipais, dentro do seu marco de competencias e dirixidos á comunidade en xeral. En concreto estas subvencións terán como obxectivo:

- Apoiar ás asociacións de veciños, organizadores de festas patronais e outros actos tradicionais de parroquias e barrios do municipio de Lugo.

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/NPG

Refª: Proposta XGL-aprobación Plan estratéxico 2012-2015--2012.doc

Asunto: Actualización Plan estratéxico subvencións 2010

- Apoiar ás asociacións e entidades sen ánimo de lucro para o desenvolvemento de programas e actividades de interese xeral e sectorial e para o mantemento de equipamentos.
- Colaboración para a realización de actividades ou eventos de interese cultural a través da celebración de convenios.

3. Efectos que se pretenden:

- Apoio ás actividades dirixidas ós veciños de barrios e parroquias lucenses que teñan un importante arraigo cultural sendo un motivo de encontro entre os veciños; fomentando a celebración de festas patronais das parroquias e barrios do municipio.
- Apoio ás actividades que teñen a súa orixe na tradición cultural propia; fomentando a realización de actos tradicionais nas parroquias e barrios do municipio: Lume Novo.
- Fomento das actuacións de carácter formativo, cultural: charlas, coloquios, conferencias, publicacións, concertos, eventos, etc.; en materias de interese xeral para os cidadáns ou sectorial para algún colectivo que mereza especial atención.

4. Prazo para a súa consecución:

- No ano 2012 e cada ano ata o 2015.

5. Custes previsibles: (Para o ano 2012)

- Serán outorgados polo importe total de 42.000,00 € en réxime de concorrencia competitiva a diferentes asociacións de veciños, comisións de festas e organizadores de festas patronais de acordo ás bases que previamente se determinen para proceder á convocatoria e adxudicación destas subvencións.
- Serán outorgados sumando un total de 33.000,00 € en réxime de concorrencia competitiva; por unha banda a diferentes asociacións culturais coa convocatoria xeral de subvencións para asociacións, e por outra banda para a celebración de actos tradicionais nas parroquias e barrios do municipio de Lugo (Lume Novo).
- Como subvencións previstas nominativamente no orzamento xeral do Concello de Lugo outorgaranse un importe total de 112.500,00 € a través de convenios, ou no seu caso resolucións, con diferentes asociacións ou entidades.

3300048900	Dotación anual	199.500,00 €
	- Festas parroquiais	42.000,00 €
	- Lume Novo	8.500,00 €
	- Convocatoria subvencións a asociacións	24.500,00 €
	Convenios, ou no seu caso resolucións:	112.500,00 €

3300078900	- Grupo cinematográfico "Fonmiñá"	18.000,00 €
	- Asociación de amigos do Jazz "Escobijazz"	15.000,00 €
	- Lugo Cultural	20.000,00 €
	- Federación de libeiros de Galicia	7.000,00 €
	- Círculo das Artes	7.000,00 €
	- Seminario Diocesano (Revista Lucen)	2.000,00 €
	- Fundación Pazo de Feiras e Congresos (xuenLugo)	7.500,00 €
	- Conv. USC (cursos de verán)	6.000,00 €
	- Federación Asoc. Comercio Confederación Empresar. De Lugo	20.000,00 €
	- Sociedade Filarmónica Lucense	10.000,00 €
	- Obispado LUGO-Obras rehab. Catedral	12.000,00 €
	- Outros convenios, ou no seu caso resolucíons, de haber consignación orzamentaria.	

6. Fontes de financiamento:

O financiamento será con fondos propios con cargo ás partidas orzamentarias sinaladas.

CAPÍTULO V. SUBVENCIÓNS EN MATERIA DE EDUCACIÓN.

Artigo 9.

1. No eido da educación, é fundamental o recoñecemento e apoio en distintos ámbitos, entendéndose que a iniciativa privada sen ánimo de lucro poderá colaborar na prestación dos servizos educativos, establecendo como un dos programas básicos de actuación dos servizos educativos, o intercambio intercultural, lingüístico e cívico - educativo e o programa de axudas as ANPAS lucenses.

2. Obxectivos:

Dentro dos obxectivos estratéxicos en materia de subvencións, temos como obxectivo xeral o de apoiar iniciativas, actuacións e programas de prevención, atención e inserción social, que complementen ou suplan a intervención dos servizos educativos municipais, dentro do seu marco de competencias e dirixidos á comunidade en xeral e en concreto ós sectores integrados nos CEIPs e IES e a toda a Comunidade Educativa. En concreto estas subvencións terán como finalidade apoiar a CEIPs, IES e ANPAS, nas que o seu obxectivo de intervención se centre no seguinte sector de poboación:

- Menores e adolescentes.

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/NPG

Refª: Proposta XGL-aprobación Plan estratéxico 2012-2015--2012.doc

Asunto: Actualización Plan estratéxico subvencións 2010

- ANPAS dos CEIPs que leven a cabo labores de comedores escolares.

3. Efectos que se pretenden:

- Fomento daqueles IES e entidades sen ánimo de lucro nas que o seu obxectivo de intervención se centre nos menores e adolescentes residentes ou con domicilio no municipio de Lugo, e sempre que constaten que leven a cabo algún dos seguintes programas ou actuacións:
 - a) Programas dirixidos á realización de actividades específicas de promoción e integración social, fomento da solidariedade, aquelas actividades destinadas á mellora das capacidades intelectuais e sociais.
- Fomento daquelas asociacións e entidades sen ánimo de lucro que promovan a integración educativa sempre que constaten que levan a cabo algún dos seguintes programas ou actuacións:
 - a) Programas e servizos de comedores nos CEIPs públicos.
 - b) Realización de investigacións e estudos de campo que permitan a participación e integración educativa dos menores e adolescentes.

4. Prazo para a súa consecución:

- No ano 2012 e cada ano ata o 2015.

5. Custes previsibles: (Para o ano 2012)

- Serán outorgada subvención nominativa por un total de 1.800,00€ a FAPACEL
- Así mesmo serán outorgadas subvencións as familias para a adquisición de libros de texto por importe de 21.000,00€

	Dotación anual	22.800,00€
32300.48900	- Subvención a FAPACEL	1.800,00 €
32300.48100	- Convoc. de subvencións libros de texto	21.000,00 €
	Outros convenios, ou no seu caso resolucions, de haber consignación orzamentaria.	

6. Fontes de financiamento:

O financiamento será con fondos propios con cargo á partida orzamentaria sinalada.

CAPÍTULO VI. SUBVENCIONES EN MATERIA DE XUVENTUDE.

Artigo 10.

1. O Servizo de Xuventude busca estimular a participación da xuventude na vida política, económica, cultural, educativa e social, establecendo unha política de apoio que potencia o asociacionismo da xuventude no municipio. Constitúense así en destinatarios prioritarios da acción subvencionadora da Concellería de xuventude aquelas asociacións e entidades sen ánimo de lucro xuvenís dedicadas á promoción da axuda á xuventude, educación, asesoramento e protección á xuventude.

2. Obxectivos:

A planificación estratéxica do servizo de Xuventude en materia de subvencións vai ter como obxectivo xeral o de apoiar iniciativas, actuacións e programas de prevención, atención, que complementen ou suplan a intervención dos servizos municipais, dentro do seu marco de competencias e dirixidos á comunidade en xeral e en concreto aos sectores de poboación de idade entre 12 a 30 anos.

3. Efectos que se pretenden:

- Fomentar aquelas asociacións e entidades sen ánimo de lucro que constaten que levan a cabo algún dos seguintes programas ou actuacións, os que deberán estar relacionados coa xuventude e enmarcados nalgunha das seguintes áreas:
 - a) Educación e cultura:
 - Programación dirixida a sensibilizar e concienciar sobre a importancia da coeducación.
 - Programas dirixidos á participación da xuventude en manifestacións artísticas e culturais.
 - Programas dirixidos á toma de conciencia da situación da xuventude, en charlas, exposicións, ciclos, etc.
 - Realización de investigación e estudos de campo que proporcionen unha análise da realidade do colectivo e da problemática coa que se atopan.
 - b) Saúde:
 - Programas que favorezan a prevención de drogas e promoción da saúde na xuventude.
 - c) Emprego:
 - Programas dirixidos a aumentar a formación profesional e ocupacional na poboación xuvenil, así como facilitar a incorporación e participación activa da xuventude no mercado laboral.
 - d) Medio ambiente:
 - Programas dirixidos a promover a participación xuvenil na mellora e conservación do medio ambiente.
 - e) Acción social:
 - Actividades dirixidas á información, atención e asesoramento á xuventude con obxecto de prover ou dar resposta á situación de maltrato ou desamparo.
 - f) Organización e desenvolvemento asociativo:

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/NPG

Refª: Proposta XGL-aprobación Plan estratéxico 2012-2015--2012.doc

Asunto: Actualización Plan estratéxico subvencións 2010

- Programas que potencien a cooperación e o traballo conxunto entre varias asociacións xuvenís para o desenvolvemento de programas e actividades de tipo formativo.

4. Prazo para a súa consecución:

No ano 2012 e cada ano ata o 2015.

5. Custes previsibles: (Para o ano 2012)

- Serán outorgados en réxime de concorrencia competitiva polo importe total de 7.525,00 euros de acordo ás bases que previamente se determinen para proceder á convocatoria e adxudicación destas subvencións.
- Por concesión directa poderán outorgarse de haber consignación orzamentaria a través da celebración de convenios, ou no seu caso resolucións, con diferentes asociacións ou entidades.

	Dotación anual	7.525,00 €
33100.48900	- Convocatoria de subvención	7.525,00 €
	- Convenios, ou no seu caso resolucións, de haber consignación orzamentaria.	

6. Fontes de financiamento:

O financiamento será con fondos propios con cargo á partida orzamentaria sinalada.

CAPÍTULO VII. SUBVENCIONES EN MATERIA DE MULLER.

Artigo 11.

1. A Casa da Muller ten como finalidade previr a discriminación da muller existente na nosa sociedade, procurando un maior acceso á información que posibilite o exercicio dos dereitos legalmente recoñecidos e a integración efectiva da muller na vida económica, cultural e social da comunidade, o fomento do asociacionismo e a participación das mulleres na sociedade civil.

Constitúense así en destinatarios prioritarios da acción subvencionadora da casa da muller aquelas asociacións e entidades sen ánimo de lucro de mulleres dedicadas á promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

2. Obxectivos:

- Apoiar iniciativas, actuacións e programas de prevención, intervención e integración que complementen as actuacións e programas desenvolto pola Casa da Muller e que incidan naquelas medidas que promovan a igualdade de dereitos entre homes e mulleres e contra da discriminación.

3. Efectos que se pretenden:

- Fomentar aquelas asociacións e entidades sen ánimo de lucro que constaten que levan a cabo algún dos seguintes programas ou actuacións, que deberán estar enmarcados nalgunhas das seguintes áreas:
 - a) Educación e cultura:
 - Programas dirixidos a sensibilizar e concienciar sobre a importancia da coeducación.
 - Programas dirixidos a promover o reparto equitativo de responsabilidades e tarefas familiares.
 - Programas que promovan a participación das mulleres en manifestacións artísticas e culturais.
 - Programas dirixidos á toma de conciencia da situación das mulleres, como charlas, exposicións, ciclos, etc.
 - Realización de investigacións e estudos de campo que proporcionen unha análise da realidade do colectivo e das causas de violencia contra as mulleres.
 - b) Saúde:
 - Programas que favorezan a prevención das enfermidades e a promoción da saúde das mulleres.
 - c) Emprego:
 - Programas dirixidos a aumentar a formación profesional e ocupacional das mulleres, así como facilitar a incorporación e participación activa das mesmas no mercado laboral.
 - d) Medio ambiente:
 - Programas dirixidos a promover a participación das mulleres na mellora e conservación do medio ambiente.
 - e) Acción social:
 - Actividades dirixidas á información, atención e asesoramento ás mulleres, co obxecto de prever ou dar resposta a situacións de discriminación, maltrato ou desamparo.
 - f) Organización e desenvolvemento asociativo:
 - Programas que potencien a cooperación e o traballo conxunto entre varias asociacións de mulleres para o desenvolvemento de programas e actividades de tipo formativo.

4. Prazo para a súa consecución:

No ano 2012 e cada ano ata o 2015.

5. Custes previsibles: (Para o ano 2012)

- Serán outorgados polo réxime de concorrencia competitiva polo importe total de 3.000,00 euros de acordo ás bases que previamente se determinen para proceder á convocatoria e adxudicación destas subvencións.
- Por concesión nominativa no orzamento xeral ou por concesión directa outorgaranse por un importe total de 24.100,00 euros a través da

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/NPG

Refª: Proposta XGL-aprobación Plan estratéxico 2012-2015--2012.doc

Asunto: Actualización Plan estratéxico subvencións 2010

celebración de convenios, ou no seu caso resolucións, con diferentes entidades.

2340048900	Dotación anual	27.100,00 €
	- Convocatoria de subvencións	3.000,00 €
	- Club baloncesto Cidade de Lugo	2.000,00 €
	- Club Emeve	3.000,00 €
	- Club Polideportivo Casas	2.500,00 €
	- Club F.S.F. Lucense	600,00 €
	- Asociacións de Viúvas Julia Minguillón	2.000,00 €
	- Club Porta XI Club de Baloncesto-c-08514 (doce meses doce causas)	3.500,00 €
	- Club Feminino de Hockei "Meigas"	3.000,00 €
	- Club Natación Porta Miñá	2.500,00 €
	- Asociación de Mulleres a Casiña de Esperante	1.000 €
	- Club S. Fernando Lucus Caixa Rural	2.000,00 €
	- S.D.C. Milagrosa	2.000,00 €
	- Outros convenios, ou no seu caso resolucións, de haber consignación orzamentaria.	

6. Fontes de financiamento:

O financiamento será con fondos propios con cargo á partida orzamentaria sinalada.

CAPÍTULO VIII SUBVENCIONES EN MATERIA DE SERVICIOS SOCIAIS.

Artigo 12.

1. Situándonos no eido dos servizos sociais, a vixente Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, no seu artigo 3 apartado g) establece como un dos obxectivos dos servizos sociais o de promover e dinamizar a participación comunitaria, o asociacionismo solidario, a axuda mutua e a implicación da cidadanía na posta en marcha de iniciativas de prevención e mellora da cohesión social.

2. Obxectivos:

- Apoiar iniciativas, actuacións e programas que complementen ou suplan a intervención dos servizos sociais municipais dentro do seu marco de competencias e que vaian dirixidos á comunidade en xeral e en concreto aos sectores de poboación e aos colectivos máis desfavorecidos que se

atopen en risco de exclusión social. En concreto estas subvencións terán como finalidade apoiar a entidades e asociacións sen ánimo de lucro, nas que o seu obxectivo de intervención se centre nos seguintes sectores de poboación:

- Persoas con diversidade funcional.
- Inmigrantes.
- Drogodependentes e alcohólicos.
- Persoas maiores.
- Menores e adolescentes.
- Outros colectivos con especiais problemáticas sociais.
- Promover, dirixir e conceder directamente subvencións, do programa de cooperación ao desenvolvemento. Que pretenden conseguir obxectivos relacionados coa:

-Satisfacción das necesidades básicas da poboación (alimentación, vivenda, saúde, educación, servizos sociais) así como a implantación de pequenas infraestruturas (luz, transporte, auga..).

-Impulsión e execución de accións de desenvolvemento sostible e autosostido.

-Desenvolvemento de accións de axuda humanitaria e de emerxencia.

-Execución de accións de sensibilización, información, e educación para o desenvolvemento.

3. Efectos que se pretenden:

- Fomentar aquelas asociacións e entidades sen ánimo de lucro nas que o seu obxectivo de intervención se centre nas persoas con diversidade funcional residentes ou con domicilio no municipio de Lugo, e sempre que constaten que levan a cabo algún dos seguintes programas ou actuacións:
 - a) Programas dirixidos á realización de actividades específicas de promoción e integración social, fomento da solidariedade, accesibilidade, ocio, e en xeral, aquelas actividades destinadas á mellora da calidade de vida das persoas con diversidade funcional.
 - b) Programas e actuacións orientadas a favorecer a permanencia das persoas con diversidade funcional no medio sociofamiliar.
 - c) Proxectos de investigación que proporcionen unha análise da realidade social do colectivo.
- Fomentar aquelas asociacións e entidades sen ánimo de lucro que promovan a integración social da poboación inmigrante sempre que constaten que levan a cabo algún dos seguintes programas ou actuacións:
 - a) Programas e servizos de información, orientación, asesoramento sociolaboral, de atención básica a situacións de carencia e que favorezan a implicación activa e responsable e o asociacionismo e a axuda á poboación inmigrante.

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/NPG

Refª: Proposta XGL-aprobación Plan estratéxico 2012-2015--2012.doc

Asunto: Actualización Plan estratéxico subvencións 2010

- b) Programas preventivos e de sensibilización da poboación, que posibiliten a adopción de actitudes solidarias e de compromiso social fronte á marxinación, e o respecto á diversidade.
 - c) Realización de investigacións e estudos de campo que permitan a detección e identificación de necesidades e o coñecemento de situacións de marxinación que requiran atención social preferente.
- Fomentar aquelas asociacións e entidades sen ánimo de lucro nas que o seu obxectivo de intervención se centre nas persoas maiores residentes ou con domicilio social no municipio de Lugo, e sempre que leven a cabo algún dos seguintes programas ou actuacións:
 - a) Realización de actividades de promoción, integración social, fomento da solidariedade, asociacionismo, actividades educativas, ocio, e en xeral aquelas actividades destinadas á mellora da calidade de vida das persoas maiores.
 - b) Programas e actuacións específicas orientadas a favorecer a permanencia das persoas maiores con problemas de dependencia no medio socio-familiar.
 - c) Proxectos de investigación que proporcionen unha análise da realidade social dos maiores no municipio de Lugo.
 - Fomentar aquelas asociacións e entidades sen ánimo de lucro nas que o seu obxectivo de intervención se centre na área de drogodependencia e alcoholismo e constaten que levan a cabo algún dos seguintes programas e actuacións:
 - a) Programas e actividades de carácter preventivo e de sensibilización da poboación, que posibiliten a adopción de actitudes solidarias e de compromiso social fronte ó problema da drogadicción e o alcoholismo.
 - b) Programas e actuacións de carácter preventivo que incidan en colectivos específicos (menores, poboación xuvenil, fillos de alcohólicos, embarazadas, etc.) con especiais situacións de risco.
 - c) Programas e actuacións a nivel educativo, social, cultural e de tempo libre destinadas a favorecer a reinserción e a integración social deste colectivo.
 - Fomentar aquelas asociacións e entidades sen ánimo de lucro nas que o seu obxectivo de intervención se centre nos menores e adolescentes, e constaten que levan a cabo algún dos seguintes programas e actuacións:
 - a) Programas e actuacións que favorezan os procesos de integración, promoción e participación social dos menores de 18 anos, que propicien a inserción social e laboral de menores en desvantaxe social, procesos de inserción familiar, etc.
 - b) Programas e servizos específicos de atención básica á primeira infancia en situación de carencia.

- c) Proxectos de investigación que proporcionen unha análise da realidade social dos menores na nosa cidade (observatorio da infancia).
- Fomentar aquelas asociacións e entidades sen ánimo de lucro nas que o seu obxectivo de intervención se centre noutros colectivos con especiais problemáticas sociais e constaten que levan a cabo algún dos seguintes programas ou actuacións:
 - a) Programas e servizos específicos de atención básica a situacións de carencia e de emerxencia social, actuacións encamiñadas á promoción e inserción social de colectivos desfavorecidos ou en graves circunstancias de marxinación socioeconómica e programas que favorezan a implicación activa e responsable, o asociacionismo da poboación afectada por situacións de marxinación e exclusión social.
 - b) Programas preventivos e de sensibilización da poboación, que posibiliten a adopción de actitudes solidarias e de compromiso social fronte á marxinación e o respecto á diversidade.
 - c) Realización de investigacións e estudos de campo que permitan a detección e identificación de necesidades e o coñecemento de situacións de marxinación que requiran atención social preferente.
- Fomentar as iniciativas que axuden a incrementar a sensibilidade de toda a cidadanía coa problemática da solidariedade e cooperación ó desenvolvemento e contribuír á mellorar as condicións de vida destes países mediante axudas económicas a proxectos de solidariedade e desenvolvemento local.

4. Prazo para a súa consecución:

- No ano 2012 e cada ano ata o 2015.

5. Custes previsibles: (Para o ano 2012)

- Por concesión nominativa no orzamento xeral ou por concesión directa outorgaranse por un importe total de 383.700,00 € euros, a través de convenios, ou no seu caso resolucións, con diferentes asociacións ou entidades.
- Serán outorgados polo réxime de concorrencia competitiva por un importe total de 127.000,00 euros de acordo ás bases que previamente se determinen para proceder á convocatoria e adxudicación de ditas subvencións.

	Dotación anual	510.700,00 €
23290.48900	Convocatoria de subvencións:	440.200,00 €
	- Asociación lucense de enfermos mentais	9.500,00 €

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/NPG

Refª: Proposta XGL-aprobación Plan estratéxico 2012-2015--2012.doc

Asunto: Actualización Plan estratéxico subvencións 2010

(ALUME)	
- Cruz Vermella (inmigrantes)	9.200,00 €
- Asociación Síndrome de Down de Lugo	3.500,00 €
- Asociación de persoas xordas de Lugo	7.000,00 €
- Fundación Secretariado xeral xitano	64.000,00 €
- Confederación Galega de minusválidos de Lugo (COGAMI)	10.000,00 €
- Asociación española contra o cancro	2.000,00 €
- Asociación de familiares de enfermos de Alzheimer e outras demencias (AFALU)	9.500,00 €
- Asoc. penitenciaria Concepción Arenal	4.500,00 €
- ASPNAIS-Asociación de padres o titores de persoas con discapacidade intelectual de Lugo	16.000,00 €
- ALUXOR Asociación Lucense de xordos	9.500,00 €
- AUXILIA LUGO	11.000,00 €
- ASPACE Asociación de pais de menores paralíticos cerebrais da provincia de Lugo	4.000,00 €
- Asociación xitana de Lugo	8.000,00 €
- Asociación cultural xuvenil e veciñal O Castro de Coeses	40.000,00 €
- D. José María Díaz Torneiro (taxista)	2.000,00 €
- Asoc. de Fibromialxia de Lugo (ALUFI)	2.000,00 €
- Asociación de dano cerebral adquirido sobrevido (ADACE LUGO)	7.000,00 €
- Asoc. de veciños de S. Xoán do Campo	40.000,00 €
- Asociación de mulleres rurais e consumidores "ALANDRA"	40.000,00 €
- Alar-Galicia	1.500,00 €
- Asociación Ledicia Cativa	3.000,00 €
- Solidariedade Galega co Pobo Saharahui	6.000,00 €
- Federac. Asociación de Enfermos Mentais de Galicia (FEAPES GALICA)	3.500,00 €
- Asociación Cultural xuvenil e veciñal S. Pedro de Calde	40.000,00 €
- Cáritas Diocesana de Lugo	8.000,00 €
- ALCER Lugo	1.500,00 €
- Preescolar na casa	8.000,00 €
- COGAMI Lugo	7.000,00 €

	- Asociación A Raña de Saa	5.000,00 €
	- Raiolas Lugo (Asoc. Pais e persoas con trastornos xeralizados do desenvolvemento)	1.500,00 €
	Convocatoria subvencións (concorrenza competitiva):	
	Convocatoria subvención Asociacións	28.000,00 €
	Convocatoria subvención a persoas con discapacidade física e afectadas de graves dificultades de mobilidade para gastos do transporte en taxi adaptado	9.000,00 €
	Subvencións para a realización de proxectos de sensibilización social	19.500,00 €
23290.78000	Sub. Programa Coop., ó Desenvolvemento	70.500,00 €
	Outros convenio ou no seu caso resolucións, de haber consignación orzamentaria.	

CAPÍTULO IX. SUBVENCIÓNS EN MATERIA DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ.

Artigo 13.

1. As subvencións de participación cidadá terán como destinatarios as asociacións de veciños sen ánimo de lucro, legalmente constituídas, inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Lugo.

2. Obxectivos:

- Fomento da participación cidadá dos veciños do Concello a través das asociacións, coa promoción do asociacionismo, o fomento da democracia participativa e a formación de directivos e socios.

3. Efectos que se pretenden:

- Promoción do asociacionismo:
 - a) Apoiar o incremento do número de socios das asociacións existentes.
 - b) Fomentar a creación de asociacións de asociacións (federacións ou agrupacións de asociacións de veciños cun mesmo obxecto social e/ou ámbito territorial).
- Fomento da democracia participativa.
 - a) Impulsar a renovación dos postos directivos das asociacións.
 - b) Promover o incremento da celebración das asembleas de socios das asociacións.
- Formación de directivos e socios.
 - a) Calidade na xestión de asociacións.
 - b) Programación e avaliación de actividades.

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/NPG

Refª: Proposta XGL-aprobación Plan estratéxico 2012-2015--2012.doc

Asunto: Actualización Plan estratéxico subvencións 2010

4. Prazo para a súa consecución:

No ano 2012 e cada ano ata o 2015.

5. Custes previsibles: (Para o ano 2012

- Serán outorgados por un importe total de 101.625,00 euros de acordo coas bases que previamente se determinen para proceder á convocatoria e adxudicación destas subvencións.
- Por concesión nominativa no orzamento xeral ou por concesión directa outorgaranse por un importe total de 13.000 euros, a través de convenios, ou no seu caso resolucións, con diferentes asociacións ou entidades.
- Por concesión nominativa ou por concesión directa por un importe total de 51.000,00€ a Protectora de animais

	Dotación anual	165.625,00 €
92400.48900	- Convocatoria de subvencións	101.625,00 €
	- Xunta de Confrarías de Semana Santa de Lugo para a organización da Semana Santa lucense	6.000,00 €
	- Cruz Vermella (Primeiros auxilios)	7.000,00 €
	- Outros convenios, ou no seu caso resolucións, de haber consignación orzamentaria.	
3130048900	Accións relativas á Saúde Protectora de Animais	51.000,00 €

6. Fontes de financiamento:

O financiamento será con fondos propios con cargo á partida orzamentaria sinalada.

CAPÍTULO X. SUBVENCIÓNS EN MATERIA DE PROMOCIÓN DE EMPREGO E INDUSTRIA.

Artigo 14.

1. Situándonos no eido do desenvolvemento local, en aras de favorecer o desenvolvemento económico do Concello de Lugo, propóñense convenios de colaboración con entidades e asociacións que contribúen á dinamización económica e comercial do Concello de Lugo, así como á promoción de emprego e accións formativas.

2. Obxectivos:

- Apoiar a dinamización económica do municipio e o impulso de iniciativas empresariais. En concreto estas subvencións terán como finalidade apoiar ás empresas privadas que se instalen no municipio e ás asociacións sen ánimo de lucro nas que o seu obxectivo de intervención se centre na dinamización do comercio ou en accións formativas:

a) Establecendo unha colaboración coa Asociación de Comerciantes Empresarios profesionais e Autónomos do Centro Comercial Aberto de Lugo, en adiante “Lugo Centrum”, xa que ten por obxecto prioritario a revitalización do comercio da cidade, o que leva a efecto na práctica por medio de diversas actuacións carecendo, así mesmo, de ánimo de lucro.

b) Colaborando con asociacións como AJELUGO para desenvolver accións de promoción de emprendemento.

3. Efectos que se pretenden:

- Fomento de aquelas asociacións e entidades sen ánimo de lucro nas que o seu obxectivo de intervención se centre na promoción do comercio no casco histórico da cidade.
- Impulso ao asentamento de empresas innovadoras ou con base tecnolóxica para que se establezan neste Concello.
- Promoción de accións formativas e de promoción de emprego.

4. Prazo para a súa consecución:

No ano 2012 e cada ano ata o 2015.

5. Custes previsibles: (Para o ano 2012)

- Por concesión directa outorgarase por un importe total de 15.000,00 euros á Asociación de Comerciantes, empresarios profesionais e autónomos do Centro Comercial Aberto de Lugo, e á Asociación de Xóvenes Empresarios por un importe total de 1.000,00 euros, a través de convenio, ou no seu caso resolución.

	Dotación anual	16.000,00 €
42200.48900	- Asociación de comerciantes, empresarios profesionais e autónomos do Centro Comercial Aberto (LUGO CENTRUM)	15.000,00 €
	- Asociación de Xóvenes Empresarios	1.000,00 €
	- Outros convenios, ou no seu caso resolucións, de haber consignación orzamentaria.	

6. Fontes de financiamento:

O financiamento será con recursos propios ou alleos con cargo ás partidas orzamentarias sinaladas.

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/NPG

Refª: Proposta XGL-aprobación Plan estratéxico 2012-2015--2012.doc

Asunto: Actualización Plan estratéxico subvencións 2010

PLAN URBAN	Dotación anual	380.000,00 €
24400.77000	A EMPRESAS PRIVADAS	
	- Axudas a Locais de Negocio	80.000,00 €
24400.77001	A ACTIVIDADES ECONÓMICAS	
	- Novas Actividades EconómicasdoConcello	150.000,00 €
	- Axudas hoteis con encanto	150.000,00 €
	- Outros convenios, ou no seu caso resolucións, de haber consignación orzamentaria.	

Fontes de financiamento

O financiamento será con cargo o presuposto Municipal 114.000,00 €, e con cargo a Fondos FEDER 266.000,00 €.

CAPÍTULO XI. SUBVENCIONES EN MATERIA DE URBANISMO - REHABILITACIÓN.

Artigo 15.

1. No Concello de Lugo contamos con dúas áreas de rehabilitación:

a) O recinto histórico de Lugo.

a.1) Ámbito de actuación: zona PEPRI e responde ao que dende os plan de vivenda denominan “casco histórico”.

2. Obxectivos:

- Potenciar a rehabilitación de vivendas e edificios no casco histórico de Lugo.
- Os obxectivos urbanístico-construtivos:
 - Instalación dos servizos necesarios nas vivendas: calefacción, ascensor...
 - Melloras na habitabilidade e accesibilidade.
 - Reurbanización e recuperación de espazos públicos.
 - Xeración de novas dotacións.
- Os obxectivos sociais:
 - Recuperación do tecido social, comercial e produtivo.
 - Evitar a marxinalidade e a creación de guetos.
 - Evitar o despoboamento.

3. Efectos que se pretenden:

- No casco histórico supón a recuperación dunha peza fundamental na cidade, que é punto de referencia de todos os habitantes.
- No Sagrado Corazón supoñerá a integración do barrio na trama urbana da cidade de Lugo.

4. Prazo para a súa consecución:

- Durante o período 2012 ata o 2015.

5. Custes previsibles: (Para o ano 2012)

- Cun importe total de 322.705,11€ correspondente a 11ª fase da Rehabilitación do Casco Histórico, coa concesión dunha subvención en réxime de concorrencia competitiva e segundo as bases reguladoras publicadas ao efecto de ata un máximo de 11.600,00 euros (máx. 75% do orzamento protexido) por vivenda do recinto histórico para a súa rehabilitación.
- Cun importe total de 475.600,00€ correspondente a 12ª fase da Rehabilitación do Casco Histórico, coa concesión dunha subvención en réxime de concorrencia competitiva e segundo as bases reguladoras publicadas ao efecto de ata un máximo de 11.600,00 euros (máx. 75% do orzamento protexido) por vivenda do recinto histórico para a súa rehabilitación.
- Cun importe total de 52.300,00€ para subvencións a particulares para a realización de ITE (Inspeccións Técnicas de Edificios).

	Dotación período (2012)	850.605,11 €
1520078000	- Axudas en materia de actuacións na área de rehabilitación do casco histórico de Lugo a través de convocatoria	798.305,11 €
1510048900	- Axudas a particulares en materia de actuacións de Inspeccións Técnicas de Edificios (ITE)	52.300,00 €

6. Fontes de financiamento:

Son fondos do Instituto Galego de Vivenda e Solo a través da firma da fase correspondente con vixencia (123.435,05 € na Fase XI e 205.000,00 € na Fase XII, e o resto financiación do Ministerio por 199.270,06 € e 270.600,00 € respectivamente nas dúas fases).

Respecto os 52.300,00€ das axudas a particulares (ITE) serán soportadas con cargo o presuposto municipal na partida orzamentaria sinalada.

CAPÍTULO XII. SUBVENCIONS EN MATERIA DE ALUGUEIRO DE VIVENDAS .

Artigo 16

1.Dende a Concellería de Servizos sociais considerase esencial establecer medidas de apoio a certos colectivos en situación de dificultade económica para o acceso a unha vivenda que reúna as condicións de habitabilidade no municipio de Lugo. Para isto preténdese fomentar o alugueiro de vivenda mediante a aprobación

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/NPG

Refª: Proposta XGL-aprobación Plan estratéxico 2012-2015--2012.doc

Asunto: Actualización Plan estratéxico subvencións 2010

dunhas bases reguladoras de subvencións para alugueiro de vivendas e mellora da accesibilidade.

2. Obxectivo

A carestía actual das vivendas en España dificulta a moitos colectivos o acceso a unha vivenda . Con esta subvención preténdese que a poboación do municipio de Lugo con menos recursos económicos teña a posibilidade de aluguer de vivenda .

Con esta medida trátase ademais de complementar outras axudas por parte doutros organismos públicos con requisitos que nalgúns ocasións son difíciles de cumprir polos interesados polo que a axuda municipal trata de complementar estas carencias ou dificultades.

3. Efectos que se pretenden

Dar resposta ao grave problema de vivenda que sofren determinados colectivos sociais para acceder a unha vivenda digna. Xa que isto supón unha das grandes demandas sociais que, hoxe en día, os poderes públicos teñen presentes.

4. Custes previsibles: (Para o ano 2012)

No referente á convocatoria do ano 2012, no referente ó programa de alugamento precederáse á prórroga das subvencións concedidas con cargo á convocatoria do ano 2011.

Para a xestión destas subvencións a Empresa Municipal de Vivenda e Solo S.A (EVISLUSA) que actúa en calidade de entidade colaboradora encargase da entrega e distribución dos fondos públicos aos beneficiarios polo que o Concello transfere a EVISLUSA o importe total da subvención.

	Dotación anual	149.000,00 €
15000.44901	Prórroga axudas en materia de aluguer	149.000,00 €

6. Fontes de financiamento:

O financiamento será con fondos propios con cargo á partida orzamentaria sinalada.

CAPÍTULO XIII. CONTROL E AVALIACIÓN DO PLAN

Artigo 17.

1. A concelleira de economía levará a cabo o control do cumprimento do presente Plan durante o seu período de vixencia.

2. Durante o primeiro trimestre de cada ano a concelleira de economía presentará un informe ante a Xunta de Goberno Local no que se avalíe a execución do Plan.

Artigo 18.

Finalizada a vixencia do Plan, e antes da elaboración do seguinte, o concelleira de economía deberá presentar ante a Xunta de Goberno Local unha Memoria, que recolla información facilitada polos distintos servizos e departamentos do Concello, na que se contemple, polo menos, o grao de cumprimento do Plan, a eficacia e eficiencia do outorgamento de subvencións na consecución dos obxectivos e efectos pretendidos e conclusións, con proposta de suxestións para a elaboración do seguinte Plan estratéxico de subvencións”.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo ás dependencias municipais afectadas.

Lugo, 4 de abril de 2012

A CONCELLEIRA DELEGADA,

A XEFA DA SECCIÓN DE
FOMENTO

Asdo: Sonia Méndez García

Asdo: Cruz Gutiérrez Garrido